



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARZÚA

*Avocación das competencias relativas a xestión de políticas relativas a festa do queixo delegadas no seu día mediante decreto nº 499/2023 de data 13/07/2023, en favor da concellería de cultura e educación*

#### ANUNCIO

O Sr. alcalde do Concello de Arzúa, con data 18/07/2024 ditou o decreto n.º 517/2024, o cal se transcribe de seguido:

**Descrición Decreto:** AVOCACION DUNHA COMPETENCIA DA CONCELLERIA DE CULTURA E EDUCACIÓN.

#### **DON XOAN XESÚS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE Arzúa (A CORUÑA )**

O artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dispón que as delegacións xenéricas que pode realizar o alcalde presidente se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, deste xeito, os eixos básicos nos que se estrutura o goberno local.

Cada área de goberno representa un sector de actividade da Corporación asignada a unha dirección política en virtude das resolucións que adopte a Alcaldía de acordo coa normativa de réxime local. O artigo 45 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dispón que as delegacións que pode outorgar o alcalde se axusten na medida do posible ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal estructure os servizos do Concello.

O Concello de Arzúa non regula no seu Regulamento orgánico áreas nas que se estruturará o goberno local, polo que, en uso da facultade de dirección do goberno e a administración municipais atribuída ao alcalde polos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 31.2 do ROF, corresponde á Alcaldía, crear as áreas nas que se estruturará o goberno local.

Visto o decreto nº 499/2023 de data 13/07/2023 de creación de concellerías no que se indica que a consellería de Cultura e educación correspondelle a xestión de políticas de:

- Xestión da promoción cultural (Nadal, Entroido, Axenda cultural anual)
- Relación coas asociacións culturais.
- Xestión e mantemento das infraestruturas culturais.
- Relación cos colexios educativos.
- Mantemento nos centros educativos.
- Tramitación das subvencións para actividades de carácter cultural, festas parroquiais, centros, ANPAS e proxectos educativos.
- Biblioteca Municipal.
- Aula de Adultos.
- Escola e Conservatorio de Música.
- Festa do Queixo.

Visto artigo 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**– Avocar as competencias relativas a xestión de políticas relativas a Festa do Queixo delegadas no seu día mediante decreto nº 499/2023 de data 13/07/2023, en favor da concellería de cultura e educación.

**SEGUNDO.** Notificar este decreto o concelleiro delegado da área de cultura e educación Jose Luis García Lopez.

**TERCEIRO:** Publicar este decreto no BOP e no taboleiro de anuncios deste concello.

En Arzúa, 19 xullo de 2024

O alcalde

Asdo: Xoan Xesus Carril Ramos